

A natureza na obra de Manuel María



O TEMPO

OUTONO

**Chegou o tempo de Outono
prás castañas varear.
¡Chegou o tempo do sono
e a sazón de sementar!**

(TERRA CHÁ, 1954)



**Eu nacín no Outono cando o sol
é colleita total madurecida,
plenitude cabal e ben cumprida,
frorecido ronsel, morno remol.**

**En Outono a vida é doce e mol,
esperanza longamente presentida,
madurez xenerosa conquerida
na loita da semente por ser frol.**

**Eu nacín en Outono cando o mundo
é un froito dourado e en sazón,
un soño melancónico profundo.**

**Para tí é, Outono, esta canción
que a min me deixou no corazón
un misterioso vento vagamundo.**

...



...

**Veleiquí, Outono, grande e puro,
vestindo ao mundo de dourado,
con saíbo a mosto fermentado,
a mazá, a sal, a grao maduro.**

...



...
**Eu non sei decir cal é, nin adiviño
que froito ten o Outono máis logrado:
se o millo bó, metálico e broslado
ou o membrillo, redondo e mareliño.**
...



...
Sei de uvas impacientes por ser viño,
de mazás en sazón, de mel dourado,
do roibén do solpor esmacelado
que se ensume na noite de mansiño.
...



...

**Lembro polo Outono, a sementeira,
o paso da xugada, a terra aberta
que recibía unha semente certa:
no agro sería flor e pan na eira**

...





...

**As árbores desnúdanse amodiño,
derramando, a bocados, un tesouro:
follas de prata, recamadas de ouro,
nun solpor alampado e mareliño.**


...



...

**As follas que se xuntan no camiño
ollan nubes dun chumbo case mouro
e o marmurio do río faise estouro,
blasfemando da morte e do destiño.**

...



...

**Outono é tempo das vendimas.
As uvas maduras, tentadoras,
tomaron o sol horas e horas
e lembran orballos e chorimas.**

**O vento baixa dende as cimas
con duras agullas feridoras
e as cubas, solemnes e señoras,
gardan, na adega, os seus enigmas.**

...

(POEMAS AO OUTONO, 1977)

INVERNO

**Están os campos nevados,
a xente xunto as lareiras,
os gandos encortellados
e os capós nas capoeiras.**

**As bandadas de aves frías
a berrar polos nabales.
¡Son moi pequenos os días
e grandes os temporales!**

(TERRA CHÁ, 1954)





PRIMAVEIRA

**Están todas as carpazas
co lilailo da súa flor.
¡No corazón das rapazas
nacen cantigas de amor!**

**Hai ledicia verdadeira
nas flores e nas espiñas.
¡Xa chegou a primaveira
no bico das anduriñas!**

(TERRA CHÁ, 1954)

PRIMAVERA

Agora -joh milagre!- é primavera.

Todo sorrí con amor.

**O sol é maino e garimoso
e bica amabelmente a miña pel.**

**As cousas sorrín agradecidas
cara un ceo azul como o do mar.**

**Maio longo agromu flores
dun xeito cumprido e xeneroso.**

**A serán é moi doce
e son moi tépedas as noites.**

**O reiseñor canta longamente
baixo a luz das estrelas
o seu amor. O seu cantar
mainamente me enche o corazón.**

(REMOL, 1970)



VRAO

O tempo do Vrao é tempo do calor,
O traballo é moito e vai pesando
¡O sol non ten dó do labrador
e queima sen piedade xente e gando!

(TERRA CHÁ, 1954)



ALBORADA

**Xogando na luz da alba
con aguilladas de sombras
muiñabas doces brisas
no teu muíño de follas.**

**Os ventos que non te oían,
cos seus foguetes de flores
depenicaban nas eiras
garabullos de milleiros.**

**Asubiaban os merlos
alalás entre as silveiras.
¡E a preta noite morría
aforcada nas cerdeiras!**

(MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS, 1950)




AMENCER

**Pouco a pouco, feblemente,
o día vai a nacer.**

**¡Vense brillar quedamente
as luces do amencer!**

**Pra non despertar as cousas
que están durmindo a mañán:
¡luces chumbas como lousas
amodo, na terra, can...!**

(TERRA CHÁ, 1954)



CANCIÓN DO MENCER

A noite envolve, na tebra lúcida
e apaixonada do seu ser:
cousas, xentes e paisaxes.

A perfección do mundo faise
música. A luz é un ollo,
cómplice e amigo, que pon,
no noso non saber, a prata
pura e delicada da súa luz
tépeda e humana como a bágoa.

Un pode, entón, falar,
de xeito fondo e verdadeiro,
consigo mesmo e máis co mundo.

E cando, vagorosamente, chega
a alba, co seu crudo fulgor
indefinido: un é menos un
e as cousas perden a súa
trascendente verdade misteriosa.

(AS LÚCIDAS LÚAS DE OUTONO, 1988)



CANCIÓN DO MENCER

A rosada, ao mencer,
é máis densa
e máis intensa.

O estrelecer é máis escintilante
e máis parpadexante.

O frío e os xelos
feren como coitelos.

O espírito anceiante
agarda a luz da mañá.

A claridade,
que puxa por romper,
non pode vencer
a escuridade
reinante,
teimosa e abraiante.


(CANCIÓS DO LUSCO AO FUSCO, 1970)



TARDE

**Cae a tarde amodiño.
Segue o seu rumbo o camiño.
O centeo florecido
e o río co seu zunido.
Ondeando sobre o trigo
dime un vento manseliño:
“¡Quen tivera amor, amigo,
pra llo dar a un paxariño...!”**

(TERRA CHÁ, 1954)





SERÁN

**Agardade docemente a que chegue
a fondura queda da tardiña.**

**Acougade. Acougade un pouquiño
para que se vaia a brétema soíña
e as aves voen ao seu niño.**

**Entón as cousas atopan o seu sitio
e nace a soedade na campía.**

(MAR MAIOR, 1963)

FUME

Este fume azul
-ronsel de lonxanías-
voa lixeiriño cara o ceo.

Na penumbra:
soidades.
E na alma:
pensamentos e roseiras.

A luz da tarde
morre nunhas breixas.

Fume azul
e promesas
enguedelladas
nas silveiras...

(MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS, 1950)



NOITE

A terra colle medo
cando a noite vén.
A lúa dálle luz,
outra cousa non ten.
¡Inda que a terra chore
non o sabe ninguén!

(TERRA CHÁ, 1954)



CÁS

A noite é un medo escuro.
Andan os cás a ladrar
con un ouveo tan duro
que non deixa de soar.

O ouveo dos cás pon medo
nas noites da Terra Chá.
¡Semella un agoiro inquedo
que chega do máis alá!

(TERRA CHÁ, 1954)



Á NOITE

Hai unha noite soio nosa: galega,
certa, inmensurábel, abraiada,
ateigada de maxia misteriosa,
de seres entre reais e irreais,
revelaciós, altos oráculos
e unha estraña música que canta
no noso ser, crente e dubidoso.
Noite ambigua de brétemas e tebras
e un sutil medo, fino e delicado,
aquecido pola luz pálida da lúa
e as brasas frías das estrelas.
A noite galega é todo néboa:
envolve, apalpa, olla, escoita
e ignoramos se empeza ou se remata.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



A landscape photograph showing a wide field of tall, golden-brown grasses in the foreground. In the middle ground, there is a dense line of dark green trees. The sky is filled with large, white, fluffy clouds against a blue background. The overall scene is bright and open.

O CEO

**O ceo na Chaira é alto e fero:
semella talmente un desespero.
As nubes andan a correr deprisa
e tápanlle ó ceo a súa sorrisa.
¡A terra humilde está deitada
ollando o ceo sen pedirlle nada!**

(TERRA CHÁ, 1954)



O SOL

**Na Vrao o sol é chumbo derretido
e cae na terra pouco a pouco.
A terra, co calor, perde o sentido.
¡O sol posúe a terra como un louco!**

(TERRA CHÁ, 1954)

O VENTO

O vento que vén do mar
é un airiño lixeiro.

A Chaira ven enxugar
o seu aquel mariñeiro.

Aínda non ten modales
e non sabe ser sutil.
¡Roxe nos carballales
non amenceres de Abril!

O vento que vén do mar
hase facer vento fino
cando deprenda a cantar
de beizos dun estornino.


(TERRA CHÁ, 1954)

O VENTO

O vento e o seu alento
é cousa que non se ve.
¡O vento ten un misterio!
¡O vento un misterio é!

Ás veces é un murmurio,
un sopro maino da brisa,
solermiño, arrolador,
semellante a unha sorriso.

...




...

**Ás veces o vento zoa,
terrible, ameazante:
¡leva lousados e albres
coa súa forza de xigante!**

**O vento tolo, na noite
corre, brúa, berra, brama:
¡eu a escoitalo medoso
acochadiño na cama!**

**O vento pasa bruante
con forza de xigantón.
¡Eu sinto por el respeto
e sempre lle chamo DON!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



ORACIÓN DE BRÉTEMA

Na miña sementeira azul de ritos celtas
vou decote rezando paseniño,
sen verbas pegureiras,
e rezo por todos os intres
de choivas namoradas
e paxariños mortos.
A brétema –só miña-
coa súa plenitude mareira de desterros
éncheme de tenrura nesta morte
de saloucos melancólicos e loitos.
Con todo o abalamento de mortes
e aquelarres
vou coa dúbida de brétemas dereitas
no pétalo escoante deste aceiro
-ilusiós nadas no prego-
que fai multiplicar a miña fe.
En todos os consellos
férenme as brétemas o peito.
Brétema que eu muíño ledamente
rezándolle un prego culpábel
de todos os abrentes
e das historias tolas
perfiadas nas penumbras dun regueiro
que me olla detrás duns anteollos
afumados cecais de silencios e lembranzas.

(MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS, 1950)



A BRÉTEMA

De San Martiño a Febreiro

son días de neboeiro.

Non hai brétema como esta:

é fría como a xeadá.

**Brétema pingona e mesta
como a noite de pechada.**

Néboas que non se dan ido

mentres que dura o inverno.

¡Semellan fume saído

das entrañas do inferno!

De San Martiño a Febreiro

son días de neboeiro.

(TERRA CHÁ, 1954)

A BRÉTEMA

**A brétema é un maino e longo soño
preciso e exacto como un número:
nada hai máis útil e eficaz
que os seus lenes azuis esvaídos
para concretar a melancolía
que se apodera de nós cada serán:
a melancolía e a brétema veñen
a ser, entón, a mesma cousa.
A brétema pingona, escura e mesta
-de grandes ollos lúcidos atentos-
cae moi amodiño sobre o mundo
sen mancar as cousas aínda que
as penetra e posui ata o fondo.
Eu amo esa brétema lixeira,
amiga das nubes e as lavercas,
que agarima e coroa os altos cumes.**

(VERSOS DO LUME E O VAGALUME, 1982)



ORBALLO

**¿Serán bágoas da noite
cando tivo que morrer,
as pingotas do orballo
tremelucindo ó mencer?**

**¿Ou son bágoas de ledicia,
as primeiras da mañán,
estas pingas de rosada
que sobre as cousas están?**

(TERRA CHÁ, 1954)



PINGA DE ORBALLO

Ollo garimoso do mundo e da mañá,
esencia e recendo da máis
precisa e nidia claridade,
xusta medida da sede urxente
e breve dos paxaros.

Nunca bágoa.


E si sorriso ou alborada,
jauh puro tremor, lume de estrela!

(A LUZ RESUCITADA, 1984)

NUBES

**Unha nube é un fume melancólico,
un río do revés,
unha ameaza de tronada,
un inalcanzábel paraíso,
un soño a medio construír,
un máxico espello viaxeiro,
unha ave estraña e ceibe,
un enorme salouco xigantesco.
Mais un vive nas nubes
e nunca revelará o seu segredo.**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)





CHOIVA

**Cae a auga na Chaira
soio polo gusto
de pegarlle na cara.
A Chaira sofre e cala.**

(TERRA CHÁ, 1954)

A CHOIVA

**Chove dun xeito triste e insistente.
A miña sensibilidade
está húmida, mole e lamacenta:
é un limo viscoso, mesto e verde.
Teño que abrir as portas e fiestras
do meu mundo máis meu:
cómpre arexalos,
acabar co seu mofo balorento
para que non remate morto, apodrecendo
cunha fría e noxenta savandixa
no lugar que ocupa o corazón.**

(VERSOS DO LUME E O VAGALUME, 1982)

CHOIVA

Chove seguido e mainamente sobre min.

O meu corpo recibe a auga,
submiso e agradecido, como
un don benfeitor e fecundante.

Semello un penedo ergueito:
a choiva vaime traballando,
luíndo, facendo florecer
na miña pel paleiros e couselos.

Gracias, pois, á choiva son irmao
das pedras que, nos lousados,
pon, como un galano, a Primavera.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)

POCEIRAS

**¡Brilan ao sol as poceiras!
¡Xa pouco máis brilarán!
Hainas de cen mil maneiras
e están tiradas no chan.**

**A choiva fíxoas nacer
sobre o monte ou no camiño.
E fainas o sol morrer
despaciño, despaciño...**

**E na terra están tiradas
¡Viven nun barrizal!
¡E son por todos tripadas
e a ninguén fixeron mal!**

(TERRA CHÁ, 1954)



O ARCO DA VELLA

O arco da vella
no ceo subido
co seu colorín,
co seu colorido.

O arco da vella
con sete cores
que teñen, no ceo,
beleza de flores.

O arco da vella
no ceo chantado
co seu colorín,
co seu colorado.

O arco da vella
é un arco triunfal
con sete guerreiros
que a ninguén fan mal.

O arco da vella
de luz feito é.
¡Resulta un milagre
que siga de pé!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



CANCIÓN PARA A HORA DE TRONAR

**Na nosa terra sempre, sempre trona
e caen raios e centellas a Deus dar.
A tronada é teimosa, machacona:
non ten traza ningunha de amainar.**

**Hai séculos que trona. A tronada
é cada vez máis forte, máis escura.
E nós aquí, sos, sen facer nada,
revertendo carraxe e máis tristura.**

**Chove a Deus dar, relustra, arroia,
unha nube moura cobre os ceios.
A xente desesperada, muda e soia,
xa non ten ilusiós, risos e anceios.**

**Segue a chover. O trono brúa, espanta.
O raio fire, mata, queima canto hai.
E a tronada que non, que non levanta.
E a tronada que non, que non se vai.**

(CANCIÓS DO LUSCO AO FUSCO, 1970)



NEVE

¡Está xa tapada a aira
e non se olla o camiño!
¡Está nevando na Chaira!
¡Está nevando amodiño!

E o gando encortellado
non ha saír tan axiña.
¡Ó lonxe o monte nevado
é unha sáboa branquiña!

¡Non parecen verdadeiras
estas terras coas nevadas!
¡Montes e carballeiras
semellan contos de fadas!

¡Soio se olla branquear
en todo o longo da Chá!
Anda a nevar, a nevar:
¡Quen sabe si parará!

(TERRA CHÁ, 1954)



*Con este traballo queremos
facer unha humilde homenaxe
a quen tanto quixo e fixo por
poñer en valor este noso país.*

Manuel María Letras Galegas 2016

**Montaxe e fotos: Adela Leiro, Mon Daporta
Textos: Manuel María
Xaneiro 2016**

